

A figura literaria de María Mariño Carou.

Carmen Blanco

A mentira patriarcal manipulou
ás mulleres tanto a través
da falsedade como de silencios.
Adrienne Rich

A figura da escritora María Mariño Carou está envolta nunha nube de descoñecementos. Aínda hoxe, despois de ter sido obxecto dalgúns estudos e ata de homenaxes, podemos dicir que segue sendo unha descoñecida.

Este descoñecemento é de diversos tipos. En primeiro lugar, o público en xeral descoñece a súa existencia, pois ten tan só un libro publicado, a obra *Palabra no tempo* (1963) que está agotada, e ademais a autora vivíu arredada do mundo literario. En segundo lugar, dentro dos círculos culturais o coñecemento de María Mariño está embazado pola mitificación e a mistificación.

Resulta interesante analizar como se foi creando, por unha banda, o mito de María Mariño e, pola outra, como se foi formando esa imaxe falsa e mistificada da poeta ou poetisa.

Visións-versións da súa figura literaria.

Con respecto a María Mariño hai distintas versións ou visións, é dicir, distintas interpretacións e valoracións da súa obra. Imolas ver, seguindo a liña cronolóxica.

A primeira versión que temos da autora é a do poeta Uxío Novoneyra. El foi quen deu a coñecer ó público a figura de María Mariño. A el se debe a xestión da única publicación da escritora na Editorial Celta de Lugo, inaugurando unha colección que logo non tería continuidade e que levaba o nome de “Tesos cumes”. O coñecemento da súa obra inédita e, en concreto, do libro *Verba que comenza*, débese tamén a Novoneyra, quen o ten recitado en numerosas ocasións e espallado en fotocopias entre as persoas interesadas na obra da nosa autora. E non se debe precisamente a Novoneyra o feito de que este libro permaneza aínda inédito, pois son constantes as súas xestións para publicalo.

Pero non só aportou o poeta do Courel o coñecemento da obra da escritora, senón tamén dos seus datos biográficos, e, en especial, a conformación da figura mítica de María Mariño. Os eixos sobre os que xira a imaxe novoneyriana da autora son:

o afastamento do mundo literario e a vivencia da paisaxe do Courel, a identificación coa cultura popular e o desinterese pola cultura libresca, a creación dunha mística moderna que expresa a angustia existencial do ser humano atrapado entre a natureza e a morte, e a destrución da linguaxe na procura dunha palabra nova para dicir o inefable.

Nun artigo titulado “María Mariño, noiesa do Courel. Dinamiteira da fala”, Novoneyra sintetiza esta visión súa que, con anterioridade e posterioridade, ten exposto de viva voz. En dito artigo insiste de maneira especial na dimensión metafísica e na ruptura lingüística da autora:

María Mariño Carou é o primeiro poeta místico de Galicia. Unha mística sin dogma, actual, nosa, con todo o agonismo do home d’hoxe e todo o patetismo que dá a inminencia da propia morte e máis cando ésta é prematura.

Unha súpeta vertixinosa asunción ó cimo do pulo, levada tanto da pura forza interior como polo desencadeamento da Verba no Intre Orfíco. En fin unha nova forma pro Esprito da Memoria, cáseque sempre da Natureza, sobre do vértice da Morte (...)

Dinamiteira da Fala, preme, rompe, comba, bate a sintaxis convencional, destrivualizando a expresión, quizaves sabedora de que a verdadeira esencia do noso idioma é a liberdade (1).

Como se deduce destas palabras, a valoración que fai o autor de *Os eidos* da súa compañeira courelá é altamente positiva. Di Novoneyra en *La Voz de Galicia*, cando María Mariño morre:

A chamada “noiesa do Courel” e “nova Rosalía” (...) revélase como o poeta máis fondo e revolucionario deste século. Nada hai, tampouco, comparabel a algúns dos seus poemas na prosa nen na arte de hoxe (2).

Ao mesmo tempo engade que é “digna de figurar soa con Rosalía e Pondal na pléiada de grandes poetas coruñeses en lingua vernácula” (3).

No seu libro bilingüe *Elegías del Caurel y otros poemas* (1966), Novoneyra pon unha cita da autora encabezando o poema que comenza “Os que así nos tein”. A través da cita dánosen a coñecer dous versos dunha composición de temática patriótica de María Mariño titulada “A Galicia”, da que temos noticia a través das palabras de Novoneyra. O fragmento fálanos do aspecto político antropolóxico dese canto telúrico centrado no motivo da frustración: “Fostes onte carreiriña pra quedar / mofo na pedra” (4).

1. Uxío Novoneyra, “María Mariño, noiesa do Courel. Dinamiteira da fala”, *A Nosa Terra*, nº 189-190, Vigo, 1982.

2. Id., “María Mariño Carou ha muerto”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 11-6-1967.

3. Ibid.

4. Id., *Elegías del Caurel y otros poemas*, Madrid, 1966, p. 16.

Morta xa María Mariño, Novoneyra dedicalle unha nova entrega poética: *Os eidos 2* (1974). A dedicatoria “a María Mariño Carou pra sempre no Courel” (5) permanece a través das sucesivas edicións completas de *Os eidos* (1981, 1985), agora subtituladas *Libro do Courel*, coa única excepción da publicación bilingüe galego-euskera *Bazterrak / Os eidos* (6). A segunda parte deste ciclo contén tamén un poema titulado “A María Mariño” no que fica poetizada a amizade e a comunicación de ambos poetas no marco courelán:

Cántos outonos e longos invernos
pasando a ollada -espello a espello-
da coor dos teus ollos á coor do ucedo! (7)

Gracias a Novoneyra, María Mariño ficará para sempre na nosa visión do Courel convertida nun símbolo da comunión coa natureza nesa terra.

Mais este poeta fixo tamén dela un símbolo revolucionario radical baseándose na súa identificación co pobo e na súa procura da autenticidade. No poema oral e vivo “Vietnam canto” aparece convocada a escritora noíesa xunto a Che Guevara e Xosé Luís Méndez Ferrín, irmanando revolución poética e política:

home-pobo
(MARIA MARIÑO dinamiteira da fala)
home-pobo
home-pobo
aquil por siglos foi un pobo como é o meu
o meu por anos foi un pobo como é aquil
IRMANDIÑOS DE GALICIA VIETCONG

entre miña mai ANA amor iles
entr' iles amor ANA ti
tres estudantes en LUGO sin os nomes
en VIGO MENDEZ-FERRIN coil
e vos MARIA MARIÑO CHE bágoas 1967 (8)

Pero quizais a primeira interpretación da figura e da obra de María Mariño feita por escrito sexa a de Ramón Otero Pedrayo, quen en 1960 pon o limiar a *Palabra no tempo*. Non se podería atopar mellor prologuista para a obra: a súa concepción vitalista, bergsonianiana e pannaturista da vida está en perfecta harmonía coas verbas da poetisa.

Otero capta de inmediato a poética do devalar vital que ambos comparten: “Sin comén nin remate o libro siñifica un intre ou un vivir” (9). Pero Otero revela tamén o centro mesmo do canto da autora: o sentir íntimo do ser e o tempo en contacto coa

5. Id., *Os eidos 2*, Vigo, 1974, p. 7.

6. Id., *Bazterrak. Os eidos. I e II*, Pamplona, 1988.

7. Id., *Os eidos. Libro do Caurel*, Vigo, 1985, p. 181. Cómpre sinalar que na primeira edición de *Os eidos 2* este poema a ela dedicado aparece sen título e, polo tanto, sen a referencia directa a María Mariño.

8. Id., *Poemas caligráficos*, Madrid, 1979, p. 13.

9. Ramón Otero Pedrayo, “Prólogo”, María Mariño, *Palabra no tempo*, Lugo, 1963, p. 7-10.

natureza. E así fala con entusiasmo da “revelación de unha intimidade impresionante do ego da escritora cas cousas, de un desvelamento e senso trágico do ser do tempo na serra”

O escritor ourensán identifica a experiencia poética coa vivencia ascético-mística ó mostrarnos o dato biográfico da chegada ó Courel como unha “pelerinaxe ás fontes”, “a volta á pátreia e ó fogar” verdadeiros do ser humano, é dicir, á poesía mesma, pois para Otero a auténtica poesía é sempre “un nostos”: esa “volta”.

Seguindo coas imaxes místico-relixiosas, o ensarillador de palabras recoñece a verba nova e persoal da autora:

Enchémonos dun xeito de relixioso respecto diante a maneira grave de tratar as palabras (...) Eiquí as palabras ordéanse cheas e madurecidas, froitos de fondas esperencias. Polo espírito da escritora, pola fría tona da montana, decorren as arelanzas compañeiras do espírito dende o mencer deica o adeus. Ela sabe achegarse a elas e engaiolalas. Non han de ser de moitos entendidas. Precísase un noviciado de soedade e de silencio.

Pese a ese carácter necesariamente minoritario e escolleito, o escritor ourensán indica que os poemas de María Mariño poden ser unha vía idónea para adentrámonos no coñecemento último do ser noso máis auténtico, ó que só se chega na soidade absoluta ou na soidade con algo tan absoluto tamén como a natureza: “María Mariño pensou, cecais, si co seu exemplo e palabras poidera guiar leentes e ouvintes cara as cumes do Caurel que levamos dentro (...).

Remata o prólogo invitando ó lector a unha lectura atenta e non superficial dun libro auténtico no que se mostra a verdade complexa da terra, que é o mesmo cá vida:

Soio (...) pido o leente non pasar lixeiramente como choutando pedras usadas sobre as augas xiadas, ceibes, de cume de iste libro de María Mariño Carou que (...) axuda a (...) soerguer a verdadeira terra soia orgullosa, si tenra doce como a morte, si fremosa soio de beleza mesurada pola peneira beiladora da door.

Mais tamén Otero mitifica a María Mariño cando se perde polas connotacións estéticas do seu nome: “María Mariño, a do doce nome tinxido de solpores de adeuses en froumas de navíos”, ou cando confunde e identifica, no seu panteísmo, persoa e obra, vida e poesía, muller e terra:

Foi María Mariño Carou boa e entranabre alumna dos ares da súa ribeira noiosa. Flor de fariña dos rodicios do mar suas areas, xustillo sedán de mocíña de moito porqué suas terras, un doce rendimento da rexa montana ás gracias e mimos da mariña suas formas dondas e gravemente armoñosas, como feitas de encadeados ecos....

A terceira versión ou visión da que podemos falar é a que nos dá Xosé Luís Méndez Ferrín que foi un dos que máis contribuíu, xunto con Novoneyra, ó recoñecemento da obra de María Mariño. A imaxe que este escritor nos presenta está menos literaturizada cá de Novoneyra e Otero, permitindo, polo tanto, un achegamento máis racional á obra da autora.

A raíz da publicación en 1963 de *Palabra no tempo*, Ferrín escribe dous artigos para o suplemento cultural de *La noche* sobre “A poesía de María Mariño”, titulados respectivamente “Un idioma novo” e “Un camiño novo”. Estes artigos anticipan o que será a interpretación ferriniana da poética mariñana e que hoxe podemos atopar na versión da súa tese doutoral *De Pondal a Novoneyra* (1984).

O escritor ourensano, en consonancia co calificativo novoneyriano de “dinamiteira da fala”, subliña especialmente a linguaxe revolucionaria da obra:

“María Mariño forza na súa poética, até máis aló da norma ou até o límite da norma, o sistema do galego e contraría interiormente a súa estrutura”, chegando a tildar dita actitude de “auténtica subversión lingüística” (10).

O crítico insiste tamén na motivación interna desta “ruptura interior do idioma (...) e conseguinte dislocación e confusión das súas categorías” que se produce “en función da loita por comunicar a súa experiencia mística da *aniquilación*”. Ademais, matiza o carácter materialista e aberto desta mística peculiar de María Mariño:

Nesta lírica materialista non hai vivencias da intimidade senlleira, posesión e namoro de sí mesma. Polo contrario, o poeta síntese posuído pola materia vivida dinamicamente. Entrégase e déixase levar por ela. Finalmente, o poeta xa non é un *eu*, senón que se desdobra e fala de *ela*, porque o seu esprito está xa fora, entrou no cosmos. Pódese ver alí confundida coas cousas.

E resulta ser precisamente a inefabilidade inherente á mística a que leva á autora a buscar “como único veyro de comunicación, a interxección, a iloxicidade, o recurso a imposíbeis lingüísticos”.

A valoración global da poesía de María Mariño feita por Ferrín é tamén positiva e insiste no incompreensible desprecio da crítica: “A obra de María Mariño, raro e valiosísimo mundo escuro, ten sido caseque desdeñada pola crítica”.

Estas tres versións teñen moitos puntos en común e parten da información facilitada por Novoneyra. Nesta mesma liña están os artigos publicados a propósito de *Palabra no tempo* por Manuel María, Luís Trabazo e Francisco Umbral en *El Progreso*, *La Voz de Galicia* e *Poesía española*, respectivamente.

Outro dos acercamentos á obra de María Mariño é o de Arcadio López-Casanova, quen fixo un comentario sobre *Palabra no tempo* na revista *Grial*. Nesta reseña, titulada “A palabra alcendida de María Mariño”, Arcadio insiste no carácter intimista e metafísico da súa poesía, cando di que a poeta se sulaga “no máis fondo de seu mundo interior” e desta maneira fai unha poesía “xa de raíz metafísica” (11). O crítico lucense subliña especialmente o movemento anímico que vai do exterior da natureza ó interior humano: “O poeta arredouse da contemplación da paisaxe exterior -o mundo caurelá- pra ficar estantío na contemplación da paisaxe interior”.

Pero Arcadio non fai unha valoración tan positiva como as anteriores ó sinalar a influencia excesiva de Novoneyra na poesía da autora: “Réstalle a miudo

10. Xosé Luís Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, 1984, p. 96 para tódalas citas textuais.

11. Arcadio López-Casanova, “A palabra alcendida de María Mariño”, *Grial*, nº 3, Vigo, 1964, p. 130.

autenticidade á súa voz ó intentar seguir fielmente a voz de Novoneyra”. E acaba recordándolle á escritora a necesidade que ten de afirmar máis nidiamente a súa personalidade e ampliar as súas lecturas: “E obrigado que María Mariño ampríe a sua ollada (...). Cada poeta ten o seu “mundo” e debe amosarnos ise mundo es-
crusivamente seu”.

Ata aquí vimos as críticas máis antigas no tempo, que xiran en torno á edición do único libro publicado pola autora e á súa morte. Sobre estas interpretacións foise conformando a visión que hoxe temos de María Mariño. Dita imaxe básica viuse ampliada co paso dos anos ó se lle ír engadindo novos matices.

Francisco Fernández del Riego na segunda edición da súa *Historia da literatura galega* (1971) subliña o seu intimismo e a sua forza expresiva: “Escribú un interesante libro tídado *Palabra no tempo*. Reinstaura nel a poesía intimista con acentos de grande forza espresiva” (12). Con posterioridade, na remodelación que fixo do seu manual para a Biblioteca Básica da Cultura Galega, *Historia da literatura* (1984), sitúa a María Mariño dentro do apartado dos poetas independentes das escolas literarias e na primeira xeración de postguerra. Fernández del Riego insiste agora no “feitío en certo xeito revolucionario” dos seus versos, ós que califica de “escuros e desacougantes” (13), seguindo os estudos de críticos anteriores.

Cómpre lembrar tamén as aportacións feitas por Miguel González Garcés na introducción correspondente da antoloxía bilingüe *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)* (1976). Este crítico volve sobre a influencia decisiva exercida por Novoneyra: “Máis aínda que a soedade e o apartamento, creo que o consello e influxo de Novoneyra foi determinante na súa obra” (14). Así mesmo, este autor faise eco da problemática da autoría que se foi tecendo co tempo en torno á creación de María Mariño e que supuxo un obstáculo insalvable para moitos críticos:

Aínda non entramos totalmente no mundo poético de María Mariño. Ondea a prevención de que a sombra dun dos máis grandes poetas galegos fora para ela sol vivificante.

De tódolos xeitos, pese a estas suspicacias, González Garcés salva á escritora pola forza do seu alento poético:

E non obstante non falta grandeza e alento nesas enumeracións extrañas, caóticas, de elementos naturais galegos e de angustia e loita espiritual e aínda de enferma debaténdose.

Xa na década dos oitenta, con motivo da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle dedicou á poeta, a revista *Dorna* consagroulle unhas páxinas. Nelas faciase eco da mistificación con que se foi envolvendo a súa figura:

Ferrín, Novoneyra e Patiño din que si, que María Mariño alentou os versos que inmortalizan o seu nome... Outros inventaron o mito de que nunca existíu, que nunca soou aquela caracola perdida no Caurel (15).

12. Francisco Fernández del Riego, *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo 1971, p. 278.

13. Id., *Historia da literatura*, Galaxia, Col. Biblioteca Básica da Cultura Galega, Vigo 1984, p. 160.

14. Miguel González Garcés, *Poesía gallega de posguerra, (1939-1975)*, vol. II, Sada, A Coruña, 1976, p. 56-57.

15. Separata da revista *Dorna*, nº 3, Santiago, 1982.

Estas palabras aluden non só a teorías críticas expostas por escrito -como as de López-Casanova e González Garcés-, senón especialmente a opinións sostidas e defendidas de maneira oral en conversas informais dentro de distintos grupos do mundo literario. Foi nestas faladurías onde chegou a cuestionarse claramente a autoría da obra de María Mariño. Como consecuencia, a estas alturas a súa figura xa se debate entre os extremos da mitificación e a desmitificación. As verbas de Dorna recollen ambas actitudes: para uns a creadora María Mariño non existe, para outros a súa poesía ten o grande valor da inusitada rareza, como unha caracola perdida no Caurel.

Na mesma revista aparece unha nota biográfica baseada nos datos que desde que a coñeceu veu facilitando Novoneyra. Tamén aparece un artigo do propio Novoneyra titulado “Apoloxía de María Mariño Carou” que non é máis ca unha variante do que este mesmo ano se publica en *A Nosa Terra* e do que xa falamos. Non obstante, imos resaltar del as palabras que reflexionan sobre a pouca e desigual acollida con que foi contemplada a autora:

Poucos se deron conta de que María Mariño era un poeta distinto / poucos ven aparecer “o novo” cando realmente aparece / cando *aprovece* como se di no Courel / por eso a reivindicación que agora fai a Asociación de Escritores en Língua Galega da súa figura e obra ó adicarlle á autora de *Verba que comenza* a Semana das Letras Galegas-1982 cando xustamente se cumpre o 15 aniversario de seu pasamento ten valentía no reconocer un valor acuchado ou non estimado por quen o conecía (16).

Vemos, pois, como, cuestionado o testemuño máis directo que houbo da escritora -o de Novoneyra- por ser, segundo algúns, parte implicada, a figura de María Mariño chegou a se converter nun misterio, aínda no ano mesmo da homenaxe.

Precisamente neste ano, o xornal *A Nosa Terra* dedícalle parte do seu especial Letras Galegas no número extraordinario 189-190. A páxina consagrada á autora é un documento do descoñecemento que envolve a figura mariñana, xa que nela aparecen dous artigos que conteñen datos contradictorios. Un dos textos é o de Novoneyra “María Mariño Carou, noiesa do Courel. Dinamiteira da fala”, onde se dá como data de nacemento o vintecinco de xullo de 1918. O outro é un texto que aparece sen firmar e que leva por título “María Mariño, a gran descoñecida”; nel dise que a escritora naceu o oito de xuño de 1907, aducindo as fontes dos libros parroquiais e do Rexistro Civil.

Polo demais, estes dous artigos son complementarios. No anónimo, móstranse unha serie de datos biográficos novos relativos sobre todo á xuventude e ós ascendentes noieses da autora. Tamén aparecen nel distintos testemuños directos ou indirectos das impresións que sobre María Mariño tiñan persoas que a coñeceron nestes anos. Esta aproximación ó pasado noiés da escritora foi posible gracias ó traballo en equipo realizado por un grupo de xoves da Asociación Cultural Catavento de Noia, entre os que figuraban os poetas Ana Román e Severiano Pérez Suárez. Desta maneira, o descoñecemento sobre a personalidade da escritora fica un pouco paliado, xa que este achegamento á María Mariño noiesa e xuvenil complementa e,

16. Uxío Novoneyra, *Dorna*, sep. cit.

en certa maneira, matiza a visión da María Mariño courelá e madura dada por Novoneyra e sintetizada no devandito artigo.

En maio de 1983 sac en Noia a revista *Carabela de xiada*, feita por artistas e escritores da vila. En dita publicación dedícanlle á autora noieira as páxinas tres e catro, onde aparece unha semblanza e unha antoloxía de poemas. Na semblanza reproducense os mesmos datos que os facilitados no artigo sen firmar de *A Nosa Terra* e insítese na postergación e no descoñecemento que sufríu a poetisa dentro e fóra da súa vila natal:

Os seus escritos non tiveron tódolos honores que lle correspondía porque María Mariño foi e sigue sendo a gran descoñecida, a poeta iñorada. Este esquezo de que é vítima é moito mais apreciable na súa xente, no seu pobo, onde foi preciso que viñeran xentes de fora para que nós a descubriamos (17).

En outubro do mesmo 1983 a Asociación Cultural Catavento organizou unha homenaxe á escritora en Noia. Os actos en honor de María Mariño consistiron no descubrimento dunha placa colocada nunha casa da Rúa Cega, onde a poetisa vivíu, e nunha mesa redonda na que participaron Uxío Novoneyra, Antón Avilés de Taramancos, Helena Villar Janeiro, Ana Romaní e Xosé Luís Méndez Ferrín, ós que se uniron Bernardino Graña e Carlos Oroza.

Este acto convertíuse nunha reivindicación nacionalista da figura de María Mariño para a historia, fronte ó esquecemento e menosprecio. Novoneyra falou da reconciliación da terra e do pobo coa historia a propósito do recoñecemento de que estaba sendo obxecto a escritora, da que dixo que formaba parte dos “bos e xenerosos”. Avilés de Taramancos referiuse, á vez, á súa marxinalidade e á súa importancia literaria, cando afirmou que a autora entrara na literatura pola porta do fondo pero deixara a casa encendeita. Méndez Ferrín sinalou a existencia dunha certa irmandade poética entre el mesmo e María Mariño e falou do “misterio” que convocara ós alí presentes en torno á poeta precisamente o Día da Paz e do Desarme. Ana Romaní insistíu no descoñecemento que rodeaba aínda a súa vida (18).

Ao ano seguinte, María Mariño tivo un recoñecemento importante nun ámbito ben distinto, o da cultura española, coa publicación da *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1984) de César Antonio Molina. En dita escolma, que inclúe vinte poetas -de Manuel Antonio a Manuel Vilanova-, ela é a única muller seleccionada pese a ter un só libro publicado e existindo escritoras cunha produción moito maior e tamén de considerable calidade como Pura Vázquez, Luz Pozo ou Xohana Torres.

Este crítico valora moi positivamente á autora, redundando nas características xa sinaladas da comunión entre paisaxe e ser humano e da relación con Novoneyra, Rosalía de Castro e a cultura popular galega. Como aportación máis destacada da lectura de Molina podemos sinalar a importancia que lle dá á intuición e ó presentimento no conxunto poético da autora:

17. “María Mariño Carou”, *Carabela de xiada*, nº 1, Vigo 1983.

18. Xoel Gómez, “Noia reconeció y rindió homenaje a la poetisa gallega María Mariño”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 24-10-1983.

Nesta escritora volvemos a encontrarnos con esa relación existente entre a paisaxe e o ser humano. Este contacto en María Mariño existe a través da palabra “presentimento”. Presentimento de algo descoñecido que ela pretende descifrar analisando os diversos signos da natureza. (...) María Mariño é unha poeta intuitiva, unha persoa que posta nunha situación límite na súa vida quixo desentrañar o seu ¿por que? buscando esa resposta na intercomunicación co seu medio (19)

Por outra parte, resulta moi significativo o feito de que este autor a inclúa nun apartado baixo o epígrafe de “Tres poetas aillados”, xunto a Xosé María Díaz Castro e Antonio Tovar.

Anos despois Anxo Tarrío Varela cítala simplemente na súa historia crítica *Literatura gallega* (1988), dentro dun panorama da poesía de postguerra no que son analizadas pormenorizadamente tan só Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, Antón Tovar e Luz Pozo. Aínda así, apunta entre parénteses o descoñecemento que paira sobre a autora e a necesidade que hai de estudiala: “María Mariño (poetisa moi descoñecida que merecería algunha atención)” (20).

Análise socioliteraria das distintas versións.

Aínda que desde o punto de vista literario o importante dunha escritora ou dun escritor é a súa obra, neste caso compría tratar a cuestión máis xenérica da figura de María Mariño, tal como foi perfilada pola crítica, por presentar dita figura unha problemática que chega a interferir a análise da propia obra. Recordemos as prevencións de López-Casanova ou as suspicacias sinaladas por González Garcés. Estas prevencións paralizaron a unha boa parte dos críticos, aínda que, como quedou claro, haxa outro sector moi destacado -encabezado por Novoneyra e Ferrín- que non só se adentrou no mundo poético da autora senón que deixou constancia da alta estima e consideración tida coa súa poesía. Como exemplo ben significativo destas interferencias literarias que condicionan a crítica pode valer o caso de *Festa da palabra silenciada*. Esta revista, centrada na potenciación da creatividade feminina, programou nun determinado momento dedicarlle o monográfico dun dos seus números á escritora noíesa, pero logo tal proxecto viuse frustrado ó non conseguir o necesario acordo unánime entre as mulleres que a confeccionan. Para algunhas das integrantes do colectivo pesaba sobre María Mariño a problemática da autoría e pensaban que este feito podía pesar aínda moito máis en certos sectores do mundo literario, que interpretarían o fenómeno como unha caída na trapela masculina (21). De tódolos xeitos, desde unha perspectiva literaria estricte, o que interesa é a obra, sexa de quen sexa, e, en última instancia, temos que admitir, como único criterio formal, que a creación é historicamente de quen a asina. O demais é cuestión extraliteraria e, por razóns sociais e históricas, ten unha incidencia especial no caso das escritoras (22).

19. César Antonio Molina, *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Madrid, 1984, pp. 49-50.

20. Anxo Tarrío Varela, *Literatura gallega*, Madrid, 1988, p. 181.

21. As precaucións de *Festa da palabra silenciada* foron semellantes ás que nalgún caso se adoptaron con Luís Pimentel, debido á problemática da súa autoría lingüística.

22. No tocante ós escritores, sería curioso estudar, por exemplo, cambios e intercambios de autoría, as máis das veces lúdicos e, noutros casos, motivados por intereses políticos ou doutra índole, que coñecemos só pola tradición oral.

Para rematar co perfil da figura literaria de María Mariño voume situar nunha perspectiva socio-literaria que me permita interpretar os datos expostos con anterioridade.

Neste sentido, cómpre dicir en primeiro lugar que a autora presenta unha problemática que, dunha maneira ou doutra, aparece repetidamente planteada ó longo da historia da literatura feminina. Isto é lóxico posto que María Mariño, como en xeral tódalas escritoras, é un produto conformado polos condicionantes sociais propios do seu sexo. Ditos condicionantes actúan en dous sentidos. Nun sentido, polo que se refire á propia autora e á súa obra, situándoas na marxinalidade do mundo literario. E noutro, no que fai referencia á recepción da obra e á aceptación da súa autora na sociedade literaria, orixinando certos prexuízos androcéntricos nalgunhas valoracións críticas.

A idade.

Un dos feitos máis sobresaintes da falsa imaxe da María Mariño é o equívoco existente en torno á súa idade. Parece ser que a data postulada ata os últimos anos baseábase na información dada persoalmente pola autora a Novoneyra. As investigacións do grupo de Noia viñeron demostrar que a escritora se sacara uns dez anos. Estamos, pois, ante o fenómeno sociolóxico do ocultamento vergonzante da idade propio da muller tradicional, aínda que, por suposto, non sexa exclusivo deste sexo. Xunto a esta interiorización da negativa a avellentar poderíamos apuntar outra posible explicación, tamén baseada en imperativos sociais. Segundo o citado grupo de Noia e de acordo coa partida de nacemento por min consultada, María Mariño era oito anos maior que o seu home, realidade que contrastaba fortemente coa norma social que postula a superioridade do home con respecto á muller dentro da parella e do matrimonio. A nosa escritora puido ter en conta este condicionante ó facerse pasar por máis nova có marido, para adaptarse así ó canon social. Seguindo estas hipóteses teríamos que afirmar que a biografía de María Mariño se viu terxiversada polas denominadas “mentiras patriarcais” ás que as mulleres se ven avocadas para sobrevivir máis doadamente dentro de dito sistema (23).

A Imaxe física.

Se no caso da idade asistimos a unha mistificación orixinada polos prexuízos da propia autora, no caso da transmisión da súa imaxe física e psíquica, enfentámonos cos prexuízos do público en xeral e mesmo da crítica. Nas investigacións levadas a cabo sobre a xuventude da escritora polo grupo da asociación cultural de Noia, recóllense as impresións da xente que a coñeceu e, entre estas apreciacións, abundan sobremaneira as relativas ó aspecto físico ou as que asocian o físico co psíquico:

Segundo as persoas que tiveron relación con ela durante a súa mocidade en Noia, María era unha muller de gran beleza física, porte elegante e sofisticado, e toda ela desprendía unha impresión de fermosa distinción e harmonía.

23. Adrienne Rich, “Mujeres y honor: algunas notas sobre el mentir”, *Sobre mentiras, secretos y silencios*, Barcelona, 1983, pp. 222 a 231.

Era unha muller emotiva, espíritoal, que gozaba coa contemplación da natureza e da paisaxe e coas cousas sinxelas. A súa innata elegancia manifestábase non só no seu porte, no seu vestir, mesmo no seu peinado, senón tamén no seu falar, na súa relación cos demais. Tiña un carácter reservado, refinado e sabía gardar sempre o equilibrio; tiña bastantes prexucios de tipo moral. Non tivo moitas amizades; isto é raro porque as persoas que nos falan dela lémbrana cun afecto desmedido, chegando a afirmar que nela todo era beleza e poesía. Dise que xa de pequena escribía, que as súas conversas eran armoniosas, sinxelas, pouco dadas á crítica e ó cotilleo, que era muller moi sufrida e pasaba moito tempo no seu fogar (24).

O retrato físico e psicolóxico feito pola memoria das xentes responde ó modelo da “mirada” tradicional verquida sobre a muller. Dita visión céntrase na aparencia corporal feminina e nas cualidades espirituais e morais que tal aparencia -xunto coas súas actitudes- denota. Frente a isto, a “mirada” sobre o home está moito máis atenta ós feitos. Así, a prosopografía de María Mariño resalta a beleza material, espiritual e moral da súa persoa. Esta imaxe, que supomos un pouco literaturizada por parte dos escritores que nola transmitiron, lémbranos outras figuras femininas tracexadas con anterioridade pola crítica e que, igual que a presente, se demoraban no aspecto físico destacando o seu grao de beleza. Entre os exemplos máis ilustrativos sobresaie o tratamento especial que Ricardo Carballo Calero lle dá a Rosalía na súa *Historia da literatura galega contemporánea*. Neste libro, insértase un apartado que versa sobre a “physis” da escritora, do que non hai equivalente ningún no caso dos escritores dentro da mesma obra, aínda que non falten tampouco certas alusións ás características físicas e ó adubío persoal dos mesmos. Carballo Calero fai unha serie de observacións que nunca serían feitas sobre un escritor:

Rosalía estaba groseiramente tallada. A fenda da boca, o abultado dos pómulos, dan ó rostro da poetisa un ar plebeio que non corresponde á finura i elevación do seu espírito. (...) todos estes retratos (refírese ós que se conservan da autora) amósanos unha fisonomía na que un observador non previsto, difícilmente pode achar ise enlevo que a alma de elección que Rosalía era, debería, segundo estamos predispostos a agardar, comunicar ó seu rostro. (...) o aspecto físico de Rosalía defrauda a espeitación (25).

O estatus da escritora.

Centrándonos xa nos aspectos máis propiamente literarios da personalidade de María Mariño, destaca en primeiro lugar a pouca extensión da súa obra en xeral e aínda máis claramente da súa obra publicada. Esta é unha característica dominante en boa parte das escritoras, segundo nos revela a historia da literatura, e especialmente daquelas que non son de clase social alta ou non levan unha vida á marxe das funcións tradicionais de esposa e nai asociadas tradicionalmente ó seu sexo. Por outra parte, cómpre ter en conta tamén o feito de que a función de escritora ten unha dimensión pública e a muller, debido á súa educación, está máis volcada no mundo privado. De acordo con isto, as mulleres que escriben tómanse polo xeral menos “en serio” o que de profesión ou oficio ten a escritura, fronte á importancia que lle dan

24. *A Nosa Terra*, art. cit.

25. Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª edición, Vigo, 1981, pp. 154-155.

á vida íntima e privada. Os valores sociais inciden nesta mesma dirección e, en consecuencia, o mundo literario non considera tampouco moi en serio ás escritoras, que, para imporse, teñen que demostrar repetidamente as súas cualidades.

Esta asunción relativa da función social de escritora ten que situar, naturalmente, á muller na marxinalidade do mundo literario. Neste sentido, é moi común tamén entre as autoras adoptar unha posición de afastamento con respecto ós outros compañeiros de profesión, ó mundo cultural e ó público. Este é o caso concreto de María Mariño, que, se escribiu na súa xuventude, non o deu a coñecer e que publicou por primeira vez gracias á iniciativa de Novoneyra. Os seus contactos co mundo literario foron moi reducidos e, polo que sabemos, a través fundamentalmente do poeta do Courel. En efecto, son moi poucas as personalidades que coñeceu, apenas o propio Novoneyra, Victoria Armesto, Augusto Assía e Manuel María. Non obstante, mantivo correspondencia, polo menos, con Otero Pedrayo e Anxel Fole. A carta que se conserva dirixida ó autor de *Terra brava* -que está en poder do escritor e xornalista lucense Juan Soto, pero á que non puiden ter acceso- é interesante para demostrar a autonomía de María Mariño como creadora e xestora da publicación da súa obra. Segundo as referencias verbais de Novoneyra e Soto, nesta misiva a escritora pídlle a Fole un prólogo para un libro de versos en castelán, ó tempo que se lle queixa de que Novoneyra non lía con atención os seus poemas escritos nesa lingua.

O afastamento da cultura oficial.

Outra característica que contribúe a situar a María Mariño na marxinalidade do universo literario é a súa lonxanía da cultura oficial. Novoneyra di dela que vivía allea por completo á cultura libresca, que case nunca lía (26) e que é “quizaves o poeta que menos libros leeo, que cáseque non leeo libros” (27). O descoñecemento do conxunto das creacións literarias foi tamén unha constante que se repetiu con certa frecuencia na literatura feminina e que levou moitas veces ás mulleres a escribir fóra de corrente, á marxe da moda ou apegadas a modas pasadas. Como é lóxico, a explicación do fenómeno volve estar nos condicionantes sociais. Ditos condicionantes, en etapas pasadas, apartaban física e materialmente á muller da cultura; na actualidade, apártana dunha maneira menos visible e máis tenue, pero non menos efectiva: psicoloxicamente. A educación das fêmeas na nosa sociedade ocúpase de que os motivos culturais non se sitúen no centro das principais preocupacións femininas xa desde a súa nenez.

Esta marxinalidade con respecto á alta cultura é o que irmana ás mulleres cos sectores populares. Novoneyra soubo resaltar dito feito ó falar de María Mariño:

Parte sempre da cultura e da fala popular é, pola súa incontaminación libresca e de culturas alleas, a máis fiable a máis válida mostra da alma galega (28).

26. Novoneyra, “María Mariño Carou ha muerto”, art. cit.

27. Id., “Apología de María Mariño Carou”, cit.

28. Ibid.

Nos seus poemas, concretamente nos de *Verba que comenza*, non se comporta nunca como os popularistas. Ela está metida toda no pobo e fala por el e dendes d'el. Non fala d'el nin procura *porse popular*. Nin curiosamente a súa poesía é o que se di de temática popular. Nin, supómonos, de acetación popular (29).

Afincado tan só na tradición e o idioma popular, é un documento contundente da fondura e madurez humana deste pobo levada a un grado asombroso de elegancia e universalidade (30).

Do conxunto das palabras de Novoneyra dedúcese a valoración positiva das poucas lecturas da autora, mentres que para outros críticos, como López-Casanova, esa ignorancia da cultura literaria resultaba empobrecedora. Desde logo, o descoñecemento da literatura pode imposibilitar a dignidade da creación, pero pode tamén noutros casos vivificar e renovar unha creación anquilosada gracias a esas novas aportacións procedentes de culturas marxinais como a popular ou a feminina, aínda que sexa máis común o caso do escritor culto que aproveita fontes de inspiración deste tipo. A obra poética de Rosalía de Castro, a narrativa de Virginia Woolf, a prosa de François Rabelais ou as lendas de William Butler Yeats así o demostran. Creo que, se ben a cultura de María Mariño non estaba ó nivel da dalgunhas das anteriores, hai na súa obra momentos dunha altura semellante.

Como fan moitas outras escritoras, a nosa autora utiliza creativamente os valores vitais da marxinalidade dunha maneira consciente. Así se pon de manifesto, por exemplo, nuns versos de *Palabra no tempo*:

soio historia é o gaiteiro;
mellor libro no leín! (31)

A influencia de Rosalía e Novoneyra.

Outra característica estreitamente vencellada á anterior e, en certa maneira, consecuencia dela é o apego identificativo a un número moi reducido de creadores, que, precisamente pola súa exclusividade, se convirten en guía ou modelo da propia creación.

No caso de María Mariño está claro o influxo fundamental de Rosalía e de Novoneyra, xunto co xa apuntado da literatura popular de tradición oral. Lembremos como López-Casanova lle recomendaba á autora ampliar lecturas e como César Antonio Molina falaba do seu “coñecemento máis ben vago das lecturas doutros poetas” (32), ó tempo que falaba da súa profunda capacidade intuitiva.

A influencia de Novoneyra, tan sinalada pola crítica é, desde logo, evidente, sobre todo en *Verba que comenza*. Déixase ver na apertura cara a tradición popular, que

29. Id., “María Mariño, noíesa do Courel. Dinamiteira da fala”, cit.

30. Id., “María Mariño Carou ha muerto”, cit.

31. María Mariño, *Palabra no tempo*, op. cit., p. 19.

32. César Antonio Molina, op. cit., p. 50.

é a inspiración básica de Novoneyra no ciclo de *Os eidos*, en concreto a través da lingua, a métrica, o ritmo ou certos temas do entorno natural como o do lobo ou o da chuva. A mesma identificación con Rosalía está presente tamén en Novoneyra, sendo quizáis a única pegada destacable da tradición literaria culta no autor. Ademais, a común inspiración popular e a vivencia directa da paisaxe son elementos esenciais compartidos polos tres poetas: Rosalía, María Mariño e Novoneyra.

Por outra parte, a presenza rosaliana é unha constante na literatura galega feita por mulleres e especialmente nas dedicadas á poesía. A figura excepcional de Rosalía aparece sempre na poesía feminina, ben como un modelo artístico ou simplemente como un símbolo de admirable personalidade literaria. Así, rara é a poeta que non fai algunha referencia a ela na súa obra, pois encontramos alusións rosalianas en autoras tan diferentes como Filomena Dato Muruais, Francisca Herrera Garrido, Pura Vázquez, Anne Marie Morris, Luz Pozo Garza, María do Carme Kruckenberg, Xohana Torres, Anxeles Penas ou Ana Romaní, ademais da propia María Mariño.

Nesta autora a influencia de Rosalía déixase ver a través da recorrencia de motivos temáticos como o de “tecer a tea” ou de imaxes poético-simbólicas como as da “sombra” e a “noite”. O recordo do “tecin soia a miña tea” de Rosalía aparece en versos como: “Días e días tecin na tea do meu tear” (33). E a imaxe da noite é un símbolo moitas veces repetido en casos como este:

O Sol debeo coller medo,
alumaba com’a noite (34)

ou este outro: “Sabe a noite o que leva dela soia!” (35).

Pero entre María Mariño e Rosalía hai algo máis ca unha relación de simples influencias concretas: hai entre a obra de ambas unha profunda comunidade de fondo. Neste sentido lle acae perfectamente o calificativo de “nova Rosalía”. A irmandade básica entre as dúas autoras reside esencialmente na angustia existencial e no sentimento de saudade que envolve as súas creacións. Podemos ver a saudade en versos como estes de *Palabra no tempo*:

A saudade de quen son é un peito sin borrar
o ditado vello feito de quen veo para non parar (36).

A angustia existencial e o presentimento de morte maniféstanse de maneira máis contundente e dominante no poemario inédito *Verba que comenza* e calquera poema del valería para demostralo:

\SI ALGO DE TI ALENTA EN FORZA VIVA,
Si algo de ti vive méntralo vas menguando,
si eres causa,
encende luz-día na cinsa dos mortos (37).

33. María Mariño, op. cit., p. 50.

34. Ibid., p. 75.

35. Ibid., p. 86.

36. Ibid., p. 50.

54 37. Id., *Verba que comenza*, inédito, poema nº 3.

A vivencia total -física, sensual e mental- da natureza é outro dos rasgos que a autora comparte con Rosalía. Pero non debemos esquecer que se trata dunha característica da propia cultura galega ou, polo menos, dunha corrente cultural que se remonta á lírica dos cancioneros medievais, pasa polas creacións da literatura folclórica e maniféstase en individualidades da literatura contemporánea como Rosalía, Pondal, Otero ou Novoneyra, e en escolas ou liñas poéticas como a escola paisaxística da provincia de Lugo: Manuel Leiras Pulpeiro, Antón Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé Crecente Vega, Xosé María Díaz Castro, Manuel María, etc. E, concretando máis, temos que sinalar que dita vivencia da paisaxe é tamén unha constante na poesía feminina de postguerra, que se mostra, por exemplo, no sensualismo surrealista de Luz Pozo ou no nacionalismo telúrico de Xohana Torres. Como nestas autoras e como en moitos dos autores devanditos, en María Mariño a comunión coa natureza é sentida como unha experiencia mística, e, neste sentido, tanto Ferrín como Novoneyra teñen falado da “mística materialista” da poetisa. Dita mística canta a interpenetración cósmica do eu e o mundo, co ritmo latexante do tempo e a morte.

Na poesía de María Mariño a unión do eu e as cousas é omnipresente. Dentro desta confusión pannaturista, maniféstase unha concepción aberta, antiesencialista e polimorfa do eu:

Somos un ou somos dous, ou tantos como en nós temos?
Cada un é o caber dun mundo que non sabemos
si somos ou si él é o que ten e nós mecemos (38).

Ó mesmo tempo, aparece destruída a idea da personalidade individual a través da perda desa identidade na expansión identificativa coa natureza, desde os fenómenos máis miúdos e concretos ata aqueles outros máis espectaculares e totalizadores:

Son a chuva, son a neve, son o vento da xeadá.
Son alba daquel vivir,
hoxe noite daquel sentir (39)

Este canto de unión cósmica ten unha comunidade esencial co que presenta Novoneyra en *Os eidos* (40). A vivencia común da xeografía do Courel pode ser unha base importante, mais a comunicación co propio poeta é sen dúbida tamén fundamental para esta coincidencia. O mesmo Novoneyra ten confesado: “falamos horas diarias durante anos e anos” (41). Segundo testemuño oral do poeta do Courel, existíu en certa maneira un diálogo creativo entre ambos. Este é o caso, por exemplo, do ano anterior á morte da autora cando estaba escribindo *Verba que comenza*. Novoneyra tenme dito que María Mariño escribía sempre pola mañá un poema mentres el facía un conto e que logo se lían mutuamente os seus escritos. Mais o que resulta evidente é que os dous poetas coureláns comparten unha poética que temos denominado meta-paisaxística (42), é dicir, que versa sobre a paisaxe pero indo

38. Id., *Palabra no tempo*, p. 80.

39. *Ibid.*, p. 54.

40. Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, “Novoneyra, Uxío”, *Gran Enciclopedia Galega*, vol. 22, Xixón-Santiago 1974-1987, pp. 236-237.

41. Novoneyra, “María Mariño, noieira do Courel. Dinamiteira da fala”, cit.

42. Carmen Blanco, “Novoneyra: *Os eidos. Libro do Courel*”, *Rev. Colóquio / Letras*, nº 70, Lisboa 1982, pp. 107-108.

máis alá da súa descripción física, en procura do sentido último das cousas, da humanidade e dun mesmo.

Naturalmente, son moitísimos máis os rasgos comúns de ambos autores, xa que se extenden tamén ós elementos estilísticos. Destacan, en especial, a lingua dialectal ou lingua falada, a métrica -evolución incluída-, a recorrencia no emprego da aliteración, do paralelismo ou da linguaxe exclamativa. Pola contra, tamén son claras as diferencias: a forte carga fonosimbólica de Novoneyra non está tan presente en María Mariño, mentres que nela a ruptura da estrutura da lingua é un rasgo estilístico dominante que non aparece en Novoneyra.

Pero convén aclarar algo moi importante con respecto á actitude de certa crítica ante esta presenza, que considera excesiva, de Novoneyra na autora. Despois do que vimos, poderíamos pensar que os críticos teñen razón para afirmar a pouca personalidade da escritora e ata dúbida se é ela a verdadeira creadora. Pero se analizamos estes datos máis detidamente temos que recoñecer que estamos unha vez máis ante o peso dos prexuícios androcéntricos propios da nosa cultura. Tales prexuícios consideran á muller unha menor desde o punto de vista intelectual, e incapaz, por tanto, de non ser moldeada polo home, que, como Pigmalión, fai dela a súa propia obra. Pódelle parecer a algúns, aínda hoxe, xustificada a afirmación que proxecta a dúbida sobre a personalidade literaria de María Mariño; esas persoas que así pensan terán que recordar que a mesma sombra da dúbida de autoría escureceu -e aínda empardece ás veces- a figura de Rosalía de Castro, ata o punto de que a propia autora tivo que aludir ironicamente ó feito no seu escrito sobre “Las literatas”. E son moitos máis os exemplos que poderíamos aducir e non só de tempos pasados.

En resume, dáselle tanta importancia á relación María Mariño-Novoneyra (sombra e sol, respectivamente, segundo González Garcés) porque, consciente ou inconscientemente, pesa sobre os críticos o prexuício da inferioridade intelectual da muller. Se se tratase de dous homes ou mesmo de dúas mulleres, o caso sería analizado, sen dúbida algunha, doutra maneira, pois a relación que se establece entre eles non sería vista necesariamente como unha relación tan xerárquica. Cómpre distinguir, pois, entre dependencia e influencia, dous conceptos que non son exactamente o mesmo. En toda relación hai sempre unha influencia mutua e pode haber incluso unha personalidade máis forte cá outra. Volvendo ó exemplo de Rosalía e Murguía, está claro que entre os dous houbo influencias que puideron ser nalgún caso importantes nas dúas direccións ou máis nunha -isto está por estudar-, pero non por iso hai que dicir que Rosalía se debe ó seu home, xa que o propio Murguía influíu en grande medida na creación poética de Pondal e non por iso ficou ensombrecida a obra pondaliana. É preciso, polo tanto, ter en conta o prexuício ideolóxico segundo o cal ó home se lle presupón a independencia, mentres que a muller ten que demostrala.

De acordo cos datos que temos, creo que podemos afirmar que Novoneyra influíu na linguaxe poética de María Mariño, especialmente na escolla do código galego, inducíndoa e convencéndoa para que escribise na nosa lingua. De feito, pode resultar significativo que a escrita da obra galega da autora coincida coas estancias de Novoneyra no Courel e a ausencia de Novoneyra se corresponda coa obra castelá

(43) de María Mariño, á parte do comenzo, escribindo en castelán, como é lóxico na nosa situación sociolingüística. O propio Novoneyra conta esta traxectoria:

No 1957 comenza a escribir, primeiro en castellano e logo en galego. (...) Nos anos que eu me fora a Madrid, pasou a escribir novamente en castellano algúas prosas e poemas. Desta época sólo sei dun poema galego de título “Galicia” (...) En febreiro do sesentaeseis cando eu me viñen de Madrid, xa a leucemia fixera nela estragos demasiado visibles. O mes seguinte comenzo de novo a escribir en galego (44).

Na exposición devandita vimos como os condicionantes sociais interferiron na visión que se nos transmitiu da obra e da figura de María Mariño e como a propia creadora é tamén un produto deses condicionantes.

Carmen Blanco
I.B. Virxe dos Ollos Grandes
Lugo

43. Novoneyra dá noticia no artigo “María Mariño Carou ha muerto” da existencia de dúas obras escritas en castelán: unha incompleta, *Los años pobres. Memoria de guerra y postguerra*, e outra en trámites de publicación, *Más allá del tiempo*, aínda que nunca chegou a editarse.

44. Novoneyra, “María Mariño, noiosa do Caurel. Dinamiteira da fala”, cit.